


LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,


CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na sesión do día cinco de maio de dous mil once, aprobou a modificación do *Regulamento de Adscrición Funcional a efectos de docencia das materias das Titulacións de Grao e Máster a departamentos e áreas de coñecemento* e a modificación do *Regulamento de Asignación efectiva do encargo docente das materias das titulacións de Grao e Máster a departamentos e áreas de coñecemento*, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a seis de maio de dous mil once, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor



Juan J. Casares Long



**ACORDO DA COAP (27/04/2011) SOBRE AS PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE  
REGULAMENTOS:**

***Modificación dos Regulamentos de Adscrición Funcional a efectos de docencia das materias das Titulacións de Grao e Máster a departamentos e áreas de coñecemento***

***Modificación do Regulamento de Asignación efectiva do encargo docente das materias das titulacións de Grao e Máster a departamentos e áreas de coñecemento.***

O marco normativo das titulacións adaptadas ao EEES non establecía ningunha vinculación entre as materias dos programas de estudo e as áreas de coñecemento. Só coa asignación do encargo docente da materia ao profesorado se concretaba esta vinculación polo que co obxecto de corrixir esta situación aprobouse o Regulamento de adscrición funcional a efectos de docencia das materias das titulacións de grao e máster a departamentos e áreas de coñecemento (Consello de Goberno do 19 de novembro de 2009 e do 20 de decembro 2009 respectivamente), instrumento que debería permitir conxugar os parámetros de planificación de PDI (o profesorado está adscrito ás áreas de coñecemento) e de ordenación do proceso de ensino aprendizaxe.

Como consecuencia da aplicación do Regulamento de Adscrición funcional aprobouse o Regulamento de asignación efectiva do encargo docente das materias das titulacións de grao e máster a departamentos e áreas de coñecemento na USC, co que se pretendía unha adecuada distribución dos recursos existentes e, sobre todo, establecer un procedemento ordenado no proceso de Programación Académica Anual para a asignación da docencia cando a relación capacidade/necesidades lectivas o fixese necesario.

Se ben ambos os dous regulamentos cumpriron de xeito amplo os obxectivos que con eles se pretendía, non deron respostas a todas as particularidades que presentan as diferentes titulacións naquelas materias cuxa planificación se aparta da norma xeral como poden ser os traballos fin de grao, máster, etc, de aí a proposta de modificación que se formula.

Con este obxectivo no o artigo 1 *Sobre a adscrición das materias a áreas de coñecemento* do Regulamento de adscrición funcional establece:

- a) *Todas as materias das titulacións de Grao deberán estar adscritas a un mínimo de tres e a un máximo de cinco áreas de coñecemento, escollidas de entre as constituídas na Universidade de Santiago de Compostela, que se consideren adecuadas científica e académicamente a efectos de poder responsabilizarse da docencia na materia de que se trate.*
- b) *A relación das áreas que teñan adscrita unha materia será priorizada, asignando os coeficientes de afinidade 3, 2 e 1, en función da súa adecuación académica para impartir a docencia na materia en cuestión.*

- c) *Unha materia poderá propoñerse que estea adscrita a menos de tres ou a máis de cinco áreas de coñecemento, sempre que se acompañe a proposta de adscrición cunha argumentación razoada que a sustente.*
- d) *A adscrición funcional a efectos de docencia das materias nos títulos de Grao será tomada como referencia para a asignación efectiva de encargo de docencia que recollerá a Programación Académica Anual (PAA).*

O Regulamento aprobado por Consello de Goberno do 20 de decembro de 2009 para as titulacións de máster, só varía respecto do regulamento das titulacións de grao no límite de áreas, xa que establece no artigo 1.a) que *"todas as materias das titulacións de máster deberán estar adscritas como mínimo a unha área de coñecemento e como máximo a tres..."*

Tendo en conta o artigo 1, apartado c) dos ditos regulamentos, a **Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP)** acorda,

**Modificar o artigo 1 c) do Regulamento de adscrición funcional a efectos de docencia das materias das titulacións de grao e máster a departamentos e áreas de coñecemento que quedará redactado como segue:**

**Para as titulacións de grao :**

- c) *Unha materia poderá propoñerse que estea adscrita a menos de tres ou a máis de cinco áreas de coñecemento, sempre que se acompañe á proposta de adscrición cunha argumentación razoada que a sustente. **As materias como Traballos Fin de Grao, Prácticas Externas ou Prácticum, estarán adscritas, con nivel de afinidade 3 a todas as áreas de coñecemento que participen con docencia en materias básicas ou obrigatorias do título de Grao.** Estas materias poderán estar adscritas a maiores, a outras áreas que se postulen e que non impartan docencia ou impartan só materias optativas na titulación, sempre que sexan admitidas polos centros ou as comisións académicas (ex. no caso de codirectores/as de TFG cuxa área non imparta docencia no grao)*

**Para as titulacións de Máster:**

- c) *Unha materia poderá propoñerse que estea adscrita a máis de tres áreas sempre que se acompañe á proposta de adscrición cunha argumentación razoada que a sustente. **As materias como Traballos Fin de Máster, Prácticas Externas ou Prácticum, estarán adscritas, con nivel de afinidade 3 a todas as áreas de coñecemento que participen con docencia en materias básicas ou obrigatorias do título de Máster.** Estas materias poderán estar adscritas a maiores, a outras áreas que se postulen e que non impartan docencia ou impartan só materias optativas na titulación, sempre que sexan admitidas polos centros ou comisións académicas (ex. no caso de codirectores/as de TFM cuxa área non imparta docencia no máster)*

**Novo apartado:**

- e) Poderá incluírse a área externa de máster, para colaborar na docencia de calquera materia sen necesidade de formular unha convocatoria de adscrición, podendo asignarse directamente no proceso de PDA sempre que esta proposta sexa efectuada polo órgano competente. Considerarase autorizada coa resolución que ao respecto dite a Vicerreitora de Persoal Docente e Investigador.

Modificación do Regulamento de asignación efectiva do encargo docente das materias

**Modifícase o artigo 1 da asignación efectiva do encargo docente do seguinte xeito:**

4. Como norma xeral, a asignación de docencia dunha determinada materia estará vixente polo menos tres cursos académicos completos, podendo ser revisada por causas xustificadas, así apreciadas pola Vicerreitoría, durante a fase de elaboración da P.A.A. do curso seguinte. A revisión poderá ser iniciada, a instancias das Vicerreitorías con competencias en organización académica, profesorado e oferta docente, polas Comisións Académicas dos másteres, e polos Centros, Institutos e Departamentos interesados. **Non será de aplicación este apartado no caso dos Traballos fin de grao, Traballos fin de máster, Prácticas Externas ou Prácticum cuxa asignación de docencia poderá modificarse en función das peticións que ao respecto realice o alumnado sen necesidade de permanecer tres cursos. Neste caso os centros e as comisións académicas deberán xustificar a petición perante a Vicerreitoría de Persoal docente e Investigador que a autorizará, de ser o caso.**

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2011